

ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

Calendario do procedemento de admisión e matrícula PARA O CURSO 2024/25 (Disposición adicional primeira)

1. Reserva de praza no centro de orixe: 15 xaneiro ao 4 de febreiro.
1. Data do sorteo público a efectos de desempate: última semana de febreiro e, en todo caso, antes do 1 de marzo. *(Realizado sorteo o 28-02-24)*
3. Publicación de postos escolares vacantes: antes do 1 de marzo.
4. **Presentación da solicitude de admisión: 1-20 de marzo de 2024.**
5. Presentación presencial no centro da documentación acreditativa dos criterios xerais de admisión alegados pola persoa solicitante: 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión. Só no caso de que o número de solicitudes sexa superior ás vacantes existentes no nivel solicitado
6. Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: **25 de abril 2024**
7. Reclamación contra as listaxes provisionais: 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á data de publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido.
8. Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: **15 de maio de 2024.**
9. **Formalización da matrícula en educación infantil e primaria: 20-30 de xuño 2024.***
10. **Formalización da matrícula en ESO e bacharelato: 23 de xuño ao 7 de xullo.***

* Segundo o contemplado na Instrución 10 das Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión para o curso académico 2024-25: "O alumnado admitido que non formalice a matrícula antes do 30 de xuño, en caso de infantil e primaria, ou do 7 de xullo, en caso de ESO e Bach., perde o dereito á praza obtida (artigo 41 da Orde de admisión), polo que deberá ser dado de baixa na aplicación admisión alumnado antes do 12 de xullo de 2024, indicando como motivo de baixa "non formalización de matrícula en prazo"